

RESOLUCIÓN pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería (Praza núm. 1).

Por Resolución do 22 de maio de 2025 (DOG núm. 110, do 11 de xuño de 2025) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería (praza núm. 1).

O artigo 12 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección

DISPÓN

Nomear como membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo a cobertura do proceso de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería, ás seguintes persoas:

Presidencia:

Alberto Eugenio Lesarri Gómez, catedrático da Universidade de Valladolid.

Vogais:

Bruno Martínez Haya, catedrático da Universidade de Pablo Olavide .

Antonio Fernández Ramos, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela.

Belén Maté, Investigadora científica no Instituto de Estrutura da Materia (CSIC) .

María Isabel Peña Calvo, profesora titular na Universidade de Valladolid

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

Asinado en Santiago de Compostela na data que consta a marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelo Queijo

